



# Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1 - 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02

Unha vez examinada a documentación, de 2 de febreiro de 2021, presentada por D. José Regal Fernández, representante legal da empresa Neumáticos Regal Chantada C.B., promotora das obras de Construcción dunha nave para taller de reparación de vehículos automóviles, sita no Parque Empresarial de Os Acivros, Fase II, parcela 39, diste Concello, para a que solicita a bonificación de licenza de obra, emítese o seguinte

## **INFORME:**

A normativa vixente de aplicación ven fixada polo Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada, polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para ampliación do parque empresarial "Os Acivros", polo Decreto 83/2008, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da L.S.G.

Segundo a normativa urbanística vixente, as instalacións de referencia atópanse en Solo Urbano, Ordenanza IA: edificación industrial acarroada. O uso está permitido pola normativa urbanística de aplicación.

Entende este técnico que as obras aprobadas, pola área nas que se atopan encadradas, Polígono Comercial e Industrial "Os Acivros", presentan un especial interese económico, social e de fomento do emprego, e así debería ser declarado polo Pleno da Corporación beneficiándose da bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Juan García Pérez.

Arquitecto do Servizo de Urbanismo do Concello de Chantada.

Documento asinado digitalmente á marxe.

